

Venres, 3 de outubro de 2025

Núm. 189

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

##### Subvencións e axudas

*EXTRACTO DO ACORDO NÚM. 4.8493 DO PLENO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, ADOPTADO NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 30 DE SETEMBRO DE 2025, NO QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025)*

*EXTRACTO DO ACORDO NÚM. 4.8493 DO PLENO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, ADOPTADO NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 30 DE SETEMBRO DE 2025, NO QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025)*

##### Primeiro. Beneficiarios

Os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo na data de publicación no BOPPO das bases e da convocatoria.

##### Segundo. Obxecto

O obxecto das bases é regular a concesión e xustificación das subvencións que se concedan con cargo ao Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).

As finalidades subvencionables, que son as que se sinalan na base primeira, deberán ser de competencia municipal, amosar a súa importancia estratéxica local e realizarse sobre elementos de titularidade municipal ou sobre bens, instalacións ou terreos nos que se acredite titularidade ou o dereito de uso ou cesión.

##### Terceiro. Bases reguladoras

De conformidade co disposto na disposición adicional oitava da LXS, as axudas que se arbitren a favor dos concellos no marco do Plan Provincia Extraordinaria (Plan Extra 2025) rexeranse polo réxime contemplado nas devanditas bases unha vez aprobadas.

Para o non previsto nelas aplicarase supletoriamente a LXS, o seu regulamento de desenvolvemento, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Venres, 3 de outubro de 2025

Núm. 189

#### **Cuarto. Contía**

O plan conta cunha dotación de trinta e cinco millóns de euros (35.000.000,00 €) na aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.85.

#### **Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes é dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases reguladoras e do extracto da convocatoria no BOPPO e na BDNS.

#### **Sexto. Forma de presentación de solicitudes**

As solicitudes de subvención presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **Sétimo. Outros datos**

- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva.
- Gastos subvencionables: os que se determinan na base primeira. Así mesmo, tamén será subvencionable a asistencia técnica á dirección de obra, á coordinación de seguridade e saúde e ao control de calidade. O custo da redacción do proxecto será subvencionable sempre que estea redactado e adxudicado no exercicio 2025.
- Compatibilidade: si.
- Forma de pago: transferencia.
- Forma de xustificación: mediante a achega de xustificantes de gasto, certificacións, facturas e demais documentación xustificativa, segundo o previsto na base vixésimo primeira.
- Prazo de execución: ata o 31 de decembro de 2027.
- Prazo de xustificación: ata o 31 de maio de 2028.

Pontevedra, 30/09/2025

O presidente, Luis López Diéguez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: X2GJK8TGXKXKVMKR

